

**Por iso consideramos que é preciso involucrarse activamente:**

- Individualmente non consentindo actitudes machistas, mesmo denunciando ante a policía, garda civil ou fiscalía, feitos que poidan constituir delitos.
- Como representantes sindicais debemos solicitar a apertura do protocolo contra o acoso e a violencia, exixindo as sancións correspondentes; instando á negociación de protocolos cando estes non existan e solicitando formar parte da comisión instrutora. En caso de inacción ou de resoluciones que supoñan vul-
- neración de dereitos, denunciando ante a Inspección de Traballo.
- Colectivamente, desde o sindicato e desde o feminismo galego, seguiremos denunciando as consecuencias lesivas do patriarcado, dos efectos deste na vida das mulleres, xa sexa en forma de violencia directa ou daquela indirecta exercida polas institucións, incapaces de sancionar con rotundidade e de previr situacións de asedio e agresións, ou que mesmo aproban medidas legais regresivas.

**O silencio fainos cómplices!**  
**É imprescindíbel manifestar tolerancia cero**  
**contra as actitudes machistas**

# ÓLLATE NO ESPELLO

## ROMPE CO MACHISMO



*Secretaria das mulleres*



*Secretaria das mulleres*

# Óllate no espello

# ROMPE CO MACHISMO

25 de novembro

## A

VIOLENCIA machista, en calquera das súas manifestacións, é un problema social. Historicamente, tanto os medios de comunicación como as institucións adoitan poñer o foco sobre as mulleres: analizándoas, revitimizándoas, culpabilizándoas, exhibíndoas... No discurso contra a violencia machista ou ben se apoia ás vítimas ou se advire das consecuencias, pero con frecuencia esquecémonos de que hai un só executor da violencia: un home, amparado pola complicidade dun sistema xudicial, policial, político e patriarcal que permite a impunidade.

Durante décadas desde a nosa central sindical ocupámonos de previr e identificar as diferentes formas de violencia de xénero, tanto aquellas que están naturalizadas como as más invisibilizadas, sensibilizando a todas as persoas sobre as consecuencias e chamando a denunciar estes comportamentos. É o momento de responsabilizar directamente a aqueles homes

que exercen a violencia, amosar o noso total rexeitamento tanto por parte do resto dos homes, como das mulleres e das persoas non binarias, instando a **modificar a masculinidade hexemónica tradicional** para acadar novos xeitos de ser homes.

Desde a CIG, como organización sindical feminista, facemos un chamamento aos homes para que se manifesten incómodos tanto con eles mesmos como cos demás, que se resistúen no lado que corresponde, promovendo a transformación das normas sociais, modificando actitudes e comportamentos machistas, visibilizando modelos de referencia alternativos cos que poder identificarse e lograr así unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A maioría temos un xefe, un compañeiro, un familiar, un alumno, mesmo un amigo, que sempre "se pasa da raia" cando se trata de mulleres. A maioría dos homes foron ese home algunha vez, viron e calaron ou dixerón

ou fixeron cousas das que agora se arrepinten. É importante reflexionar e recoñecermos os erros.

Tamén hai mulleres que son cómplices e artífices desa cultura patriarcal, que tamén xulgan a actitude, a vestimenta, ou o comportamento doutras mulleres, cuestionando a credibilidade daquelas que foron quen de dar o paso e denunciar esos comportamentos violentos.

O lugar de traballo é o espazo onde desenvolvemos boa parte das nosas vidas, logo as posibilidades de ser vítimas ou testemuñas de actos violentos é moi elevada neste ámbito. Sabemos que todo comportamento indesexado, que teña como obxectivo ou efecto perturbar unha persoa traballadora, afectar a súa dignidade ou crear un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou desestabilizador é acoso. E a meirande parte dos acosos laborais teñen a súa orixe nestes comportamentos machistas, sexa en

forma de acoso sexual, por razón de sexo/xénero/expresión ou identidade, sexa acoso laboral. Situacións que non poden ignorarse, nin permitirse, e que deben ser sancionadas e erradicadas.

## ÓLLATE NO ESPELLO:

- **CONTROLAR** é violencia.
- **HUMILLAR** é violencia.
- **INSULTAR** é violencia.
- **RIDICULIZAR** é violencia.
- **ILLAR** é violencia.
- **SOMETER** é violencia.
- **MENOSPREZAR** é violencia.
- **PRESIONAR** é violencia.
- **CHANTAXEAR** é violencia.
- **VIXIAR** é violencia.
- **TOCAR O CORPO** sen consentimento é violencia.
- **ENVIAR OU SOLICITAR IMAXES** ou vídeos de contido sexual é violencia.
- **ACOSAR** é violencia.

Día Internacional para a eliminación  
da violencia contra as mulleres



Secretaría da muller